

Programa: A cooperativa alternativa de emprego para a mocidade galega
Curso de teleformación: Emprendemento cooperativo para a mocidade
 [En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	06-20/06/2023	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Haberá 2 sesións virtuais os días 7 e 19 de xuño en horario de 11:00 a 12:30hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	A través de www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE PREME AQUÍ

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á mocidade para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas mozas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar ás persoas mozas participantes os recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento na mocidade.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: Emprendemento cooperativo para a mocidade

Módulo 1.- O emprendemento. A situación da mocidade no emprego.

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento da mocidade.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa. O caso das cooperativas xuvenís.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

Na modalidade de teleformación, o tempo de estudo ten diferentes obxectivos: hai unhas horas que son as sesións virtuais de aprendizaxe, outras horas que serán as que o alumnado utilice para ler os contidos que estarán ao seu dispor na plataforma: estudar materiais, revisar webgrafía, visionar os vídeos, un tempo para a participación nos foros, tutoría coa docente e, finalmente, un tempo para a avaliación, e dicir realizar e enviar as tarefas que se piden no curso, enviárllelas á titora e revisar a súa retroalimentación.

Haberá **dúas sesións virtuais de aprendizaxe** co obxectivo de poder complementar os contidos teóricos do curso coa realización de actividades prácticas e dinámicas. Contarase coa participación, a través de videoconferencia, de persoas socias dunha cooperativa xuvenil para dar a coñecer a súa experiencia

DIRIXIDO A

Ás persoas mozas, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Darase prioridade a aquelas que se atopen en situación de risco de exclusión.

Mínimo 10 persoas e máximo 20. O número de persoas mínimo que deben asistir ao curso será de 10, e polo menos o 70% do alumnado terá unha dedicación mínima do 80% nas actividades do curso.